

"Bos días

Son David Rodríguez Rivada, profesor de ensino secundario (Música) destinado no IES Xesús Taboada Chivite (Verín).

Teño un blog persoal (<http://davidov3.blogia.com>) no que colgo todo tipo de artigos (materiais didácticos para empregar na clase, baixo a etiqueta "Música"; estudos sobre obras literarias e análises de películas, baixo a etiqueta "Literatura"; e tamén escritos pessoais e artigos de opinión, que non emprego na aula, coas etiquetas "Mis escritos" e "TramPPas de la Xunta").

A semana pasada coñecín o caso dun compañeiro ó que lle intentaron censurar o seu blog, e desde que lle deixei constancia do meu apoio nun comentario, a Rede corporativa da Xunta bloqueou o acceso ó meu blog desde calquera ordenador do instituto.

Non entendo a razón pola cal esta páxina web está desautorizada.

Podo comprender, e comprendo, que non é lícito expoñer opinións políticas disidentes coa actual Consellería nas clases, pero iso é algo que EU NON FAGO, porque aínda que teño o meu propio pensamento sobre as actuacións da Consellería e non comparto os recortes desta Xunta, nas miñas clases son moi profesional e non me pronuncio. Odio a propaganda.

Cústame crer que un blog coma o meu poida ser considerado inapropiado, metido no mesmo saco que as páxinas de pornografía ou de descargas ilegais, e sen embargo sí se poida acceder ás páxinas web do PP, do PSOE, dos sindicatos... O meu é propaganda e o outro non?

Os meus alumnos non saben cal é a miña opinión sobre esta Xunta, xa que eu con eles non visito o meu blog nas clases, a pesar de que nel colgue a programación didáctica ou actividades e enlaces musicais de interese como complemento das clases. Para iso teño os artigos coa etiqueta "Música".

Por iso, solicito que me expliquen cunha razón que vaia máis alá da censura pura e dura por que non podo acceder ó meu blog desde a web do meu centro de traballo.

Ontes escribín ó enlace que me aparecía na web cando intentei inutilmente acceder ó blog desde o instituto, pero ninguén me respostou, así que hoxe chamei ó servizo de atención a centros e escribín ós enlaces que me parecían que poderían dar resposta á miña dúbida.

Sigo esperando algunha resposta.

Moitas grazas pola súa atención"

--